

---

# UN GLOBO VERMELLO

Ilustracións de IELA MARI

---

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

MELLOR LIBRO DO ANO (Alemaña) - 1969  
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

**Un globo vermello** (galego)

ISBN 978-84-8464-538-2. Demademora.

**El globito rojo** (castelán)

ISBN 978-84-96388-24-6. Obras de autor. Primeros lectores.

**El petit globus vermell** (catalán)

ISBN 978-84-8464-537-5. Obres d'autor. Primers lectors.

**O balãozinho vermelho** (portugués)

ISBN 978-972-8781-44-6. Obres de autor. Primeiros leitores.

*“De todos os meus libros, é o preferido polos nenos,  
moito máis que outros; entran nel sen ningún problema.  
Os adultos, en xeral, din que non comprenden nada”.*


Iela Mari

KALANDRAKA recupera un clásico que en 1967, cando Iela Mari o publicou por primeira vez, revolucionou o panorama da literatura infantil universal pola súa atractiva e novidosa proposta gráfica: trátase dun libro sen texto que destaca polo seu deseño minimalista e depurado. Co paso de cada páxina apréciase o proceso de metamorfose dun globo en diversos obxectos cos que garda unha semellanza: mazá, bolboreta, flor...

Con títulos como “Un globo vermello” inaugurou un estilo case abstracto que destacaba pola ausencia de realismo e un elevado grao de simplificación cromática, convertendo esta obra nun álbum atípico para o público infantil. De aí o seu mérito ao converterse nun referente neste xénero no que as palabras substitúense por imaxes cheas de dinamismo que -lonxe do silencio aparente- evocan múltiples figuras.

“Imaxinei estes álbums porque non atopaba libros que me interesaran para os meus propios fillos”, explicou Iela Mari nunha entrevista publicada en 1985 por «La revue des livres pour enfants».

Importábanlle as transformacións, os ciclos da natureza ou, como ela dicía, as “imaxes do nacemento da vida”. As bibliotecas eran a súa fonte de documentación de cada traballo, pensado para “chamar a atención sobre as formas para compensar o bombardeo de imaxes da televisión”.



---

■ **Temática:** libro visual, sen texto.

■ **Idade recomendada:** prelectores, primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** innovador estilo gráfico e visual, narración a partir das ilustracións; natureza; cores, asociación de formas, creatividade, escrita creativa, identificación de obxectos, expresión oral; da autora de “A mazá e a bolboreta” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-globo-vermello-g>

---

## Iela Mari

(Milán, 1931 - 2014)

Aínda que a súa formación foi practicamente autodidacta, entre 1949 e 1954 estudou debuxo na Academia de Belas Artes de Brera. Alí coñeceu o seu home, o deseñador Enzo Mari, co que -entre 1955 e 1965- se dedicou a realizar estudos sobre a percepción visual dos nenos. Estas investigacións deron pé aos seus famosos libros de imaxes e proxectos para a confección de materiais de xogo. “Un globo vermello”, que se publicou por primeira vez en España en 1970, estivo entre os mellores libros do ano en Alemaña (1969). Iela Mari recibiu en 1971 o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil de Alemaña pola obra “A mazá e a bolboreta”, editada en Italia (1969) e Alemaña (1970). En 1973 obtivo o Premio Gráfico da Feira de Boloña por “L'albero”, publicado o ano anterior.

